

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DO SEU CORPO DE POLICÍA LOCAL ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE **OROSO**

Con data 30.03.2025 a Vicepresidencia primeira e consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o concello de Oroso, asinaron un convenio de colaboración para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso as diferentes categorías de policía do seu corpo de policía local e as prazas de auxiliares de policía local.

A Cláusula oitava de dito convenio prevía que o mesmo tivera unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse de forma expresa por outro período de igual duración (4 anos) de común acordo polas partes.

Con data 17 de marzo de 2025, o Concello de Oroso interesa á Academia Galega de Seguridade Pública a prórroga de dito convenio para continuar a vixencia do mesmo.

O día 25 de marzo de 2025, a comisión de seguimento do referido convenio, debidamente constituída, reúnese e propón a formalización dunha addenda a dita convenio no que se formalice a prórroga do mesmo e así acordan unha modificación da cláusula oitava no referido ao prazo de vixencia do mesmo por un período adicional de catro anos mais dende a data da sinatura da addenda.

Polo que, recibida a acta da comisión de seguimento, redactase a addenda proposta a dito convenio, e dáse traslado da mesma á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a súa tramitación, informando que:

1. O instrumento convencional ten por obxecto prorrogar o convenio asinado con data 30 de marzo de 2021 por un período máximo de catro anos, nos mesmos termos nos que foi asinado.



2. Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde a consecución do obxecto referido.
3. O instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:
 - A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais que establece no seu artigo 32.7 que *“a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, no seu caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración.”*
 - O Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local, establece no seu artigo 2.2 que *“A cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, no seu caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixiantes municipais, de non existir no concello corpo de policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade.”*

Dentro deste marco regulador, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e da Academia Galega de Seguridade Pública, desexa cooperar activamente cos concellos de Galicia que dispoñen de corpo de Policía local e das prazas de auxiliares de policía local ou de vixilantes municipais, mediante a asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos devanditos corpos e prazas de auxiliares de policía local e de vixiantes municipais.

O concello asinante aprobou no seu Pleno municipal, adoptado en cumprimento do previsto nos artigos 47.2.h e 22.2.p da Lei 7/1985, do 2 de abril, delegar na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento procesos selectivos para o acceso a categoría de policía local do seu corpo de policía local, por todo o tempo de vixencia deste convenio.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura da addenda, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

A Estrada, na data da sinatura electrónica

Santiago Villanueva Álvarez

Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

